

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 24 DE SETEMBRO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e catro de setembro de dous mil dezaoto, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D.Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

Interventora acctal.: Dna.María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE XULLO DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao texto do borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 30 de xullo de 2018.

2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 24.07.2018 a 18.09.2018.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 24 de xullo de 2018 e o 18 de setembro de 2018.

PARTE RESOLUTIVA

3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 44/2018: SUPLEMENTO DE CRÉDITOS PARA A FINANCIACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto expediente formado segundo a providencia desta Alcaldía para a execución de investimentos financeiramente sostibles con cargo ó remanente do exercicio segundo o previsto no artigo 32 e na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira as EELL, o Real Decreto-Lei 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimento financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo destas, e a Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018,

Tendo en conta que de acordo co informe de Intervención se cumpren os requisitos recollidos na DA Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro: A liquidación consolidada do exercicio 2017 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC95, cumpre co límite de endebedamento, e o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo. Ademáis cumpre co PMP a 31/12/2017 e no primeiroe segundo trimestres de 2018.

O superávit do exercicio, tras realizar os correspondentes axustes ascende a 2.194.188,03 €. Polo tanto a capacidade de financiamento do concello segundo o sistema europeo de contas é de 2.194.188,03 €. Así mesmo o superávit intégrase no remanente de tesourería para gastos xerais que ó remate do exercicio 2017 ascendeu a 7.399.832,53 €.

Visto o anterior, o Pleno, por sete votos a favor (Grupos Socialista e de Esperta Monforte) e dez abstencións (Grupos do BNG e do PP e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 44/2018 por importe de 396.390,68 € na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ó remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2017, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, co seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DESCRICIÓN	IMPORTE A FINANCIAR
1622.619.00	Recollida, Xestión e tratamento de residuos. Investimento en infraestrururas.	119.519,77

165.639.00	Alumeado Público. Outros investimentos de reposición asociados ó funcionamento dos servizos	233.563,93
454.619.03	Camiños veciñais. Outros Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral	43.306,98
		396.390,68

CONCEPTO DE INGRESOS	DENOMINACIÓN	TOTAL
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	396.390,68

SEGUNDO. Aprobar a aplicación do remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 396.390,68 € á finalidade de INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES nos termos que establece o apartado 2.c) da D.A. Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, co seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DESCRICIÓN	IMPORTE A FINANCIAR
1622.619.00	Recollida, Xestión e tratamento de residuos. Investimento en infraestruturas.	119.519,77
165.639.00	Alumeado Público. Outros investimentos de reposición asociados ó funcionamento dos servizos	233.563,93
454.619.03	Camiños veciñais. Outros Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral	43.306,98
		396.390,68

TERCEIRO. Expor este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que non van votar en contra. Tráenos cousas importantes: selado de vertidos, alumeado, asfaltos; pero gustaríanos obras doutra índole, como saneamento ou fomento de emprego. Fágolle a lembranza de se atopou o papel do anterior equipo de goberno polo que Pacadar non se puido instalar; se trae o papel, eu dimitiría. Non imos opoñernos, imos votar para que poida executalo, pero o resumo é asfalto e iluminación, precísanse máis cousas.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que van votar a favor. Como xa dixen noutro momento, teríame gustado que se tivese consensuado. Pero como iso non é posible, que queden ben feitas as obras, que ten habido queixas con outras.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que desta modificación, que se engade a outras sumando un millón de euros, cómpre examinar o destino. Hai moito que facer, non pode ser só asfaltos. Temos traído propostas como o saneamento de Calvos, poden ir ver como pola orografía non poden facer fosas sépticas. Estamos no século XXI, ano 18, ten un acordo plenario para iso, pero vostede esquece iso. É unha cuestión de salubridade, de xustiza social. Hai que xestionar adecuadamente os recursos, non facer para desfacer. Na parroquia de Santa Mariña, no feito recentemente, hai un socavón; hai que comprobar, non facer maquillaxe, que é tirar os cartos. Hai obras como o selado do vertido de inertes ou a iluminación de San Vicente, pero non hai un bo estudo ambicioso, como fai a Xunta de Galicia. A iluminación do Parque dos Condes, que se acaba de asfaltar, o razoable era tela feito antes. Son actuacións cun acordo plenario desatendido, ímonos abster neste punto.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que anuncia a abstención. Botamos en falta diálogo para estas actuacións. Que sexan para bo uso e disfrute dos veciños. Algunhas son obras necesarias.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que agradece os anuncios de absterse e facilitar que se fagan estes proxectos. Recóllense algunhas peticións dos grupos, pero cando se fai, parece que non se valora. Que quere que lle diga (a Dna. Pilar López), os medios xa viron eses documentos, están rexistrados e punto. Os asfaltos facían falta, había sitios onde se pasaba saltando. Faltaba a depuradora do Porto Seco, e fíxose. Fixéronse conducións de auga, saneamentos, alumeados públicos, todo iso non son asfaltados. O do vertido de inertes estaba requirido. Sumamos o Parque dos Condes e outras cousas. Son proxectos importantes. Que veña falar de Calvos (a Dna. Julia Rodríguez). A Xunta leva cobrado 2,5 millóns de euros do canon da auga e non temos visto ningún retorno neste Concello. Nós non facemos discriminación. Haberá solución para o problema de Calvos. Falta a primeira obra de mandatos anteriores que se teña desfeito. Nunca se aproveitaron como agora os recursos públicos en investimentos. Foron arranxadas 80 rúas, e 200 camiños do rural, con menos cartos que noutros mandatos. Está administrado como é debido.

De Dna. Pilar López Martínez, que se refire a dúas cousas. A primeira, o selado do vertedoiro, por requirimento da Xunta. Este proxecto teno dende 2015, ata 2011 estívose utilizando, estamos a pre en tempo. A segunda, o de Pacadar, o papel ensinado nos medios. Nun medio no que estou vetada. Lancei un reto: se existe e ten o informe do servizo ou do membro do equipo anterior contra Pacadar, ensíneo e dimito; se non, quen ten que dimitir é vostede.

(Dna. Maribel García Díaz renuncia á segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que a depuradora do Porto Seco era un problema municipal e a solución foi da Xunta de Galicia, que soportou a metade do custo. Sobre o non retorno do canon, non o é os dous millóns e medio de euros para a potabilizadora? Sobre o arranxo de rúas e camiños, unha cousa é botar asfalto e outra dar un paso máis en mellorar. Non é vostede quen de escoitar. Do propio informe de Intervención resulta que nos últimos anos nin remotamente había estas cantidades. Dispón de máis e gástao todo en asfalto. Hai máis cousas que facer. Monforte está no noveno lugar da provincia en IRPF sendo a segunda cidade, ten feito algo sobre iso? Non, asfalto e iluminación. Non diga que ten menos recursos, son máis que con Alcaldes anteriores.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

Do Sr.Alcalde, que lle di a Dna. Pilar López que non lle vai entrar ao trapo. Os meus tempos adminístroos eu. Dille a Dna. Julia Rodríguez que o proxecto sectorial do Porto Seco era o que tiña que habilitar a depuración e a Xunta non o fixo. A Xunta moveuse cando se lle apretaron os cravos. Paréceme ben que fagan coalición, pero que veña defender ao anterior goberno. Houbo aquí liquidacións de doce millóns de euros, cos Plans E a maiores do orzamento, e un millón da Deputación para investimentos. O Plan Hidrolóxico cobrouse nesa etapa. Toda esa suma de diñeiro é maior que o que levo tido. O resto é xestión. Cando eu cheguei, había dous millóns de dubidoso cobro. Os outros remanentes destínanse segundo o permitido polo goberno de Rajoy. Iso é xestionar ben.

4. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADA RESPECTO AO ACORDO DO PLENO DO 28/05/2018 DE CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E APROBACIÓN DEFINITIVA DO SEU REGULAMENTO.

Polo Sr.Secretario dáse conta dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio de 2018, aprobou a creación do Consello Municipal de Saúde e o seu Regulamento.

A composición do Consello Municipal de Saúde figura no artigo 2.1 do Regulamento, que ten o seguinte contido:

“O Consello Municipal de Saúde estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

- *O Alcalde ou membro da corporación no que delegue.*

Vicepresidente executivo:

- *O Concelleiro Delegado de Sanidade.*

Vocais:

- *Un representante de cada un dos grupos municipais integrantes da Corporación*
- *Un representante da administración sanitaria do Centro de Saúde e o Hospital Comarcal*
- *Un representante designado pola Xunta de Persoal da Área Sanitaria*
- *Un representante do Colexio de Médicos da provincia de Lugo*
- *Un representante do Colexio de Diplomados en Enfermería da provincia de Lugo*
- *Un representante do Colexio de Veterinarios da provincia de Lugo.*
- *Un representante do Colexio de Farmacéuticos da provincia de Lugo.*
- *Dous representantes das asociacións de defensa e de usuarios da Sanidade pública*
- *Dous representantes dos pedáneos elixidos entre eles*
- *Dous representantes das asociacións veciñais da cidade*

Secretario:

- *Será o do concello ou funcionario municipal no que delegue.*

Se algunha administración, Colexio profesional ou Entidade non designara representante, o Consello constituirase cos representantes designados, conformando estes o 100% do Consello.”

Durante o prazo de exposición pública do expediente presentáronse dúas reclamacións ou suxestións de incorporación ao Consello, téndose desistido dunha delas, polo que resta por resolver a solicitude do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia de formar parte do Consello Municipal de Saúde.

Considerando que é lóxico incluír a dito Colexio, igual que o que se fixo cos que xa figuran no Regulamento inicialmente aprobado,

Tendo en conta o previsto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local,

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Resolver favorablemente a solicitude efectuada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e aprobar definitivamente o REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE, de tal modo que o apartado de vogais do seu artigo 2.1 queda como segue:

- Un representante de cada un dos grupos municipais integrantes da Corporación
- Un representante da administración sanitaria do Centro de Saúde e o Hospital Comarcal
- Un representante designado pola Xunta de Persoal da Área Sanitaria
- Un representante do Colexio de Médicos da provincia de Lugo
- Un representante do Colexio de Diplomados en Enfermería da provincia de Lugo
- Un representante do Colexio de Veterinarios da provincia de Lugo.
- Un representante do Colexio de Farmacéuticos da provincia de Lugo.
- Un representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- Dous representantes das asociacións de defensa e de usuarios da Sanidade pública
- Dous representantes dos pedáneos elixidos entre eles
- Dous representantes das asociacións veciñais da cidade

SEGUNDO.- Publicar o acordo e o Regulamento resultantes no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están a favor. De acordo con que tamén estea Psicoloxía.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que se alegra de que esteamos xa nesta fase e de que participe tamén o Colexio de psicólogos. Espero axilidade na convocatoria do Consello.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que o seu voto é favorable a esta reclamación.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, renuncia a intervir).

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que en canto se aprobe, procederase a publícalo, e despois virán as convocatorias aos colectivos requirindo designación para a sesión constitutiva.

5. RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA EMPRESA AQUALIA CONTRA OS ACORDOS DO PLENO DO 28/06/2018 DE POSTA AO DÍA DAS CONTÍAS DAS SANCIONES DO ARTIGO 47 DO PREGO DE CONDICIONS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E DE INTERPRETACIÓN PARA CORRECCIÓN DE OMISIONS E ERROS DE DITO ARTIGO 47.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto o informe de Secretaría do 14/97/2018 en relación con este asunto, e cos argumentos que nel constan,

(O informe de Secretaría di o seguinte:

1º.- ANTECEDENTES.

O Pleno municipal, en sesión celebrada o 25 de xuño de 2018, adoptou os acordos que na súa parte dispositiva din o seguinte:

SOBRE A POSTA AO DÍA DAS SANCIONES:

“Revisar a contía das sancions do artigo 47 do prego de condicións do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga, segundo o previsto no último parágrafo de dito artigo, co seguinte resultado:

Contías iniciais (en pts.)	Contías iniciais en euros	Contías en euros a xullo de 2017 aplicables tras este acordo
1.500.000	9.015,18	12.431,16
1.000.000	6.010,12	8.287,44
750.000	4.507,59	6.215,58
500.000	3.005,06	4.143,72
50.000	300,50	414,36

10.000	60,10	82,87
5.000	30,05	41,44

SOBRE CORRECCIÓNS NO ART. 47 DO PREGO DE CONDICIÓNS.

“PRIMEIRO.- As infraccións de carácter grave c), n), ñ) e o) do apartado 2 do artigo 47 do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga, serán sancionables tras este acordo coa contía mínima prevista no apartado 4 de dito artigo 47: 4.143,72 € trala posta ao día -referida a xullo de 2017- de dita contía.

SEGUNDO.- No segundo parágrafo do apartado 7 do artigo 47 do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga, o suposto 47.3.f) é por coherencia o 47.3.e) e sobra por inexistente o 47.3.h).”

Contra ditos acordos, que foron notificados o 28 de xuño de 2018, presenta a empresa recurso de reposición en prazo (registro de entrada nº 2018/11731, do 27/07/2018), para que se anule o acordado.

2º.- ANÁLISE DO RECURSO PRESENTADO.

A) SOBRE A POSTA AO DÍA DAS SANCIÓNS:

A Empresa basea a súa impugnación en que o Concello teña un criterio diferente respecto ao acordado respecto á aplicación do IPC para as súas retribucións como concesionaria do servizo.

En primeiro lugar, nada ten que ver unha cousa coa outra. Pero resulta que o criterio é o mesmo: coller o IPC dende o inicio do contrato, coa salvedade de que no outro caso que se trae aquí, houbo unha sentenza que negou dito IPC ata 2005, razón para adialo ata aí. En canto ao da prescrición, precisamente a alegación que se fai vai en favor do acordo municipal, xa que este nada di sobre aplicación retroactiva, retroactividade que si se pretendía no acordo que se pon de comparación, e que se corruxía co instituto xurídico da prescrición, sobre o que aquí nada hai que comparar, salvo que a empresa quixese que na súa retribución nada se aboase polo tempo pasado.

B) SOBRE CORRECCIÓNS NO ART. 47 DO PREGO DE CONDICIÓNS:

Nada se alega sobre o punto Segundo do acordo plenario, polo que haberá que dar por aceptada a substitución no segundo parágrafo do apartado 7 do artigo 47 de “47.3.f)” por “47.3.e)” e a supresión de “47.3.h).”

En canto ao punto Primeiro, aléganse varias cousas, pero como unha delas é a da omisión do trámite de audiencia, de aceptarse, habería que retrotraer o expediente nese punto concreto e non tería sentido entrar neste momento noutro tipo de consideracións.

Recoñece a empresa que isto está ligado a un acordo da Xunta de Goberno Local que detectou a omisión sancionadora que se corruxe, acordo sobre o que nada dixo a empresa. Daquel acordo resultou unha proposta de modificación do contrato que se transformou nunha corrección dunha omisión

manifesta nel detectada. Considera quen subscribe que se levado isto á xustiza, unha interpretación estrita en favor do interesado, fíxese retrotraer o expediente ata unha audiencia previa, ou peor aínda, anulase o acordado, será mellor aceptar ese aspecto concreto da impugnación e acordalo xa *motu proprio*.

3º.- CONCLUSIÓN.-

Da análise feita do recurso presentado, resulta razoable desestimalo e manter o acordado polo Pleno o 25 de xuño de 2018, respecto ao acordo sobre a posta ao día das sancións e ao punto segundo do acordo sobre correccións no art. 47 do prego de condicións. En canto ao punto primeiro deste segundo acordo, recoméndase, visto o visto, deixalo sen efecto e retrotraer o expediente ata un trámite de audiencia previo ao acordo a adoptar.

A Corporación municipal decidirá o máis conveniente para os intereses municipais.”)

O Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar en parte o recurso de reposición presentado pola empresa Aqualia contra os acordos do Pleno do 25/06/2018 de posta ao día das contías das sancións do artigo 47 do prego de condicións do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga e de interpretación para corrección de omisións e erros de dito artigo 47, mantendo ditos acordos nos termos nos que foron adoptados, respecto ao acordo de posta ao día das contías das sancións e ao punto Segundo do acordo de corrección de omisións e erros de dito artigo 47.

SEGUNDO.- Anular o punto Primeiro do acordo de corrección de omisións e erros do referido artigo 47 e retrotraer o expediente en canto a iso, danto trámite de audiencia á empresa Aqualia por prazo de quince días dende que se lle notifique o presenta acordo.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que tralas explicacións en Comisión do Secretario, están a favor da proposta do Alcalde.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que exactamente o mesmo que a anterior interveniente.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que se van abster, porque todo o que ten que ver con Aqualia é unha especie de vodevil. Primeiro tratouse como modificación do contrato e quixemos que quedase enriba da mesa. Deráselle traslado á empresa pola Xunta de Goberno cando o competente é o Pleno, iso vai provocar motivo de recurso da empresa, que agora formula un recurso de reposición e tráenos a retroacción do expediente. Todo o que ten que ver con Aqualia é unha

suma de despropósitos. Aquel primeiro acordo que era o mellor do mundo mundial, votámolo en contra e houbo desestimación por sentenza e desistencia. Despois a empresa reclama unha cantidade astronómica. Fai o Concello algo fronte a Aqualia? Temos que darlle parcialmente a razón. Ímonos abster. Estamos vixilantes, pero non damos crédito a tanto despropósito.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di está a favor, segundo o informe de Secretaría.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que agradece o apoio dos Grupos que así o expresaron. Dille á portavoz do PP que este tema explicouno o Secretario na Comisión Informativa, o da Xunta de Goberno non era un acordo. O Concello non fai porque vostede non deixou, votou en contra de reclamar máis de tres millóns de euros. Ten vostede unha relación de amor/odio con Aqualia e nada máis é posible con vostede.

(Dna. Pilar López Martínez e Dna. Maribel García Díaz non interveñen na segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que sabe ler o informe de Secretaría. Trouxo vostede unha proposta para modificar o contrato. Non contemplaba todo, o da rúa Corredoira segue pendente. Eu relación amor/odio? Cheguei no ano 2011 e teño pedido por activa e por pasiva o cumprimento do contrato. Vostede estaba cando a perda da oferta e outras cousas. Cando chega ao goberno fai teatro. Xa aparecía como sanción a resolución do contrato. Non diga que eu impido reclamar tres millóns de euros, vostede non reclama os incumprimentos que sistematicamente lle recordamos. O que fai é favorecer á empresa. Ímonos abster.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias non intervén na segunda quenda).

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que todo queda claro. A realidade é que votou en contra de esixirle 3 millóns e medio para investimentos. E que fai vostede co goberno da Xunta, á parte de levantar o dedo cando lle mandan? Faga algo, consiga algo. Ás veces non avisan nin ao Alcalde se traen algo. Reflexione un pouquiño.

6. APOIO Á NECESIDADE DO SERVIZO DE FISIOTERAPIA EN ATENCIÓN PRIMARIA SEGUNDO O SOLICITADO POLO SERVIZO DE REHABILITACIÓN DO HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE DE LEMOS

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Pilar López Martínez, D. Iban Torres Rodríguez e Dna. M^a José Vega Buján).

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

Visto o escrito presentado polo Servizo de Rehabilitación do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos (registro de entrada nº 2018/00013621, do 04/09/2018),

(O escrito referido ten o seguinte contido:

“O Servizo de Rehabilitación do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos(Lugo), con domicilio a efectos de notificación en C/Corredoira S/N (Sótano) ,27400 Monforte de Lemos (Lugo),

EXPÓN:

Dende hai uns anos se lle ven dando moita importancia á fisioterapia en Atención Primaria(en adiante, AP) . En moitas zonas de Galicia (Vigo, A Coruña, Ourense, Pontevedra...), sabemos que se están a abrir prazas de fisioterapia en centros de saúde, incluso en zonas con moitos menos habitantes e radio kilométrico que a nasa. Na nasa zona, intentouse solventar o problema a través dun concerto con clínica privada que xa hai anos que non funciona, e tampouco foi nin é a solución. Os tratamentos de fisioterapia son longos e cada vez hai máis patoloxías susceptibles, e eso é unha realidade.

A fisioterapia no ámbito da AP é un pilar fundamental xa que moitas patoloxías poden ser desviadas a centros de saúde e recibir un tratamento de calidade, co beneficio de desafogar aos hospitais a ese nivel, para que podan desempeñar atención especializada(en adiante, AE) adecuada a pacientes con patoloxía hospitalaria e maior.

A provincia de Lugo nese senso, é unha das máis desfavorecidas xa que canta con moi poucos centros onde exista o servizo de fisioterapia en AP. E dentro da provincia, podemos decir que a zona sur no canta practicamente con ningunha unidade de AP con fisioterapeuta/s.

O noso pequeno hospital comarcal,co único servizo de rehabilitación (5 fisios), ten que prestar asistencia a todo tipo de patoloxía (xa sexan de AP ou de AE) aos concellos de : Monforte de Lemas, Quiroga, Caurel, Ribas do Sil, Pobra do Brollón, Ferreira de Pantón, O Saviñao, Saber, Bóveda e Rubián, prestando á súa vez fisioterapia en AE aos pacientes da zona de Chantada e Carballedo.

Non é difícil darse conta da saturación que existe , e se a isto engadimos o envellecemento e a dispersión da poboación na nosa área, pois darémonos conta fácil de que as listas de espera son considerables e as patoloxías complicadas.

Moitos pacientes que poderían ser atendidos en centros de AP,teñen que esperar moitos meses para recibir tratamento no hospital,e a súa vez pacientes con patoloxía severa teñen que esperar porque os tratamentos están ocupados con pacientes que poderían ser atendidos en AP.

Hai anos, existía unha unidade de fisioterapia do Sergas no centro de saúde de Quiroga,a cal foi amortizada e hoxe en día non existe.

No centro de saúde de Monforte (centro neurálxico), tampouco existe unidade de fisioterapia, e por suposto tampouco en ningún dos outros concellos nomeados que depende do hospital, excepto Chantada (contaba con 2 fisioterapeutas , actualmente 1en turno de mañá. Xa que aínda que a praza faltante consta e está orzamentada en Chantada de tardes, físicamente está en Monterroso por razóns que non coñecemos).

Esto supón, que moitos pacientes que acuden a tratamento ao hospital, sobre todo os da zona de Quiroga e Caurel, recorren uns 50-60 km para vir e outros tantos para volver aos seus domicilios, esto a diario mentras duren as sesións. Moita desta xente é de avanzada idade e poucos recursos tanto económicos como sociais.

A esto añadimos que nun radio kilométrico desde Chantada ata O Barco e dende Sarria ata Ourense, **NON EXISTE NINGUNHA UNIDADE DE ATENCIÓN PRIMARIA CON FISIOTERAPIA.**

Por todo isto, e moitas razóns máis:

SOLICITA:

Que dende o concello se apoie esta necesidade que nós levamos detectando xa dende hai moito tempo.

Necesitamos que se faga o posible para conseguir crear algunha praza de fisioterapia en AP en calquera dos centros de saúde máis propicios (Ex. Monforte ou Quiroga) , así os veciños/as da nosa comarca terán acceso en igualdade de condicións aos mesmos servizos dos que gozan habitantes de outros lugares da propia comunidade autónoma .

Un saúdo atento e grazas de antemán.

Fisioterapeutas do Servizo de Rehabilitación do Hospital de Monforte de Lemos. (Lugo).”)

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Apoiar á necesidade do Servizo de Fisioterapia en Atención Primaria, segundo o solicitado polo Servizo de Rehabilitación do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos.

SEGUNDO.- Remitir este acordo para coñecemento e efectos oportunos á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde (Sergas).”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que ela é xefa de Sección e coñece isto. Está ben exposto. Resérvome para a segunda quenda, por se hai algunha dúbida. Está asinado por Rehabilitación co apoio dos médicos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que felicita a este Servizo polo seu compromiso profesional, e poñer isto en coñecemento da cidadanía. É absolutamente axeitado que se poida dar o servizo de fisioterapia.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van esperar explicacións. Podemos entendelo, pero parece que se busca que haxa servizo de fisioterapia no Centro de Saúde. Gustaríanos que Dna. Alicia Cadarso nos explicara se hai que achegalo ao Centro de Saúde.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que apoian este documento. O que se nos traslada é unha necesidade para a veciñanza.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que van apoiar a necesidade do servizo de fisioterapia en atención primaria. Dende aí, poderíamos derivar pacientes sen

pasar por atención especializada e evitar listas de espera co embude do Servizo de Rehabilitación. Dende este equipo de goberno, apoiamos esta reivindicación.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que ter fisioterapia en atención primaria estase aplicando en Galicia, especialmente en Coruña en Pontevedra. Nos hospitais, está a rehabilitación hospitalaria e a tecnoloxía especial. En atención primaria, hai cousas non tan complexas que se poden solucionar. Hai moita patoloxía crónica que aumenta a lista de espera. Intentouse solucionar hai anos en Lugo cun convenio, que dirixía pacientes a centro privado concertado. Non nos faciamos responsables do tratamento neses centros, quen convenia dá tratamentos mínimos. En Quiroga, a xente que acode a fisioterapia privada deuse conta de que pouco se facía no do convenio. O servizo de logopedia si que ten que estar conveniado, non establecido en cada hospital, non é este o caso.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que se alegra de escoitar a defensa do sistema sanitario. O tema de hoxe é a lista de espera en Monforte. Explica o seu caso persoal do que lle pasou por unha fractura do peroné.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que máis alá de valoracións clínicas profesionais e o dos logopedas, coinciden en que as persoas se beneficien de fisioterapia en atención primaria. Imos apoialo.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias e Dna. Pilar Espinosa Novelle renuncian á segunda quenda).

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O REQUERIMENTO A AQUALIA, DE EXECUCIÓN DO PARQUE ACUÁTICO COMPROMETIDO NO CONTRATO QUE A OBRIGA.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- É sabido que a explotación do servizo público municipal de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, foi obxecto de concesión administrativa, resultando adxudicataria de ambos a empresa Seragua, -hoxe AQUALIA- con arreglo aos pregos de condicións e á oferta da empresa según acordo plenario de 30.4.2001.

2. E sabido que este grupo ten formulado infinidade de iniciativas relacionadas con que se lle esixa a esta concesionaria o cumprimento do contrato ao que ven obrigada a empresa, resultando todas infrutuosas.

Os incumprimentos son de todo tipo., en materia de localización e eliminación de fugas, en materia de vixianza e control de verquidos, de limpeza de sumidoiros, de execución das melloras que tiña comprometidas, de reparación de avarías etc.

3.- Un dos incumprimentos mais graves en que ten incurrido a empresa concesionaria, é o das melloras ofertadas no seu día, e que determinaron a súa adxudicación, dado que a puntuación acadada por ese concepto foi a máxima, respecto do resto das empresas que se tiveran presentado o concurso. Entre esas melloras atópase a recollida no punto h, mejoras que se ofertan, concretamente no punto h/ 4, do sobre B do tomo VI.

A mellora ofertada é: “*ejecución de un parque acuático en Monforte de Lemos*”, e di expresamente:

“h.4)- EJECUCIÓN DE UN PARQUE ACUÁTICO EN MONFORTE DE LEMOS

Siempre teniendo como elemento conductor el Agua proponemos al Excmo. Ayuntamiento de Monforte de Lemos la realización de un Parque Acuático, en el entorno del río Cabe, procediendo a recuperar el entorno del propio Río para uso y disfrute de los ciudadanos de Monforte de Lemos.

La actuación consistiría en el diseño y ejecución de un Parque de Ocio, que contenga los siguientes elementos:

- *Elementos de rocas artificiales.*
- *Atracciones para Parques de diversión, compuestas por toboganes acuático realizados en fibra de vidrio.*
- *Maquinaria para movimiento de aguas.*
- *Sistemas de juegos interactivos.*
- *Equipamientos y sistemas para el Tratamiento de Aguas y Sistemas de Depuración.*
- *Reordenación de un entorno para el uso y disfrute de las atracciones que se dispongan en el Parque Acuático*

Para realizar esta actuación procederíamos a la adquisición de un terreno en las inmediaciones del Río Cabe para aprovechar el entorno del mismo.

A modo de ejemplo hemos querido acompañar esta actuación con unos catálogos con casas dedicadas a la realización de estos parques, así como un dossier fotográfico de un Parque Acuático ejecutado en un Municipio, para que se pueda ver en detalle la actuación que proponemos como mejora en caso de resultar SERAGUA adjudicataria del Servicio de Aguas de Monforte de Lemos.

Dado las fechas que nos ocupan para la entrada en funcionamiento del Servicio adjudicación del Concurso (Primeros de Julio del presente año), y teniendo en cuenta que esta instalación podría estar en marcha para su uso y disfrute en época estival, SERAGUA propone realizar esta actuación en los primeros meses del año 2.002, para poder tenerla en funcionamiento en la primavera- verano de ese mismo año”.

Despois dunha serie de fotografías, nas que se da conta dun parque construído noutra localidade, señálase a valoración económica do parque nos seguintes termos:

“VALORACIÓN ECONÓMICA DEL PARQUE ACUÁTICO

Tras las consultas mantenidas con empresas especializadas en este tipo de instalaciones, hemos llegado a la conclusión de que la ejecución de un parque acuático similar en dimensiones de instalaciones lúdicas al que presentamos en el reportaje fotográfico, asciende a un importe global de 218.367.419 pesetas.

Para la ejecución de esta actuación necesitaríamos realizar la compra de un terreno que prevemos que por las características de este tipo de instalación, debería tener una superficie de unos 30.000 metros cuadrados.

Puestos en contacto con inmobiliarias de Monforte de Lemos, hemos llegado a la conclusión de que una parcela de estas características supondría un desembolso de 35 .000.000 pesetas.

Por lo tanto, la ejecución llave en mano del Parque Acuático supondría un coste total de 265.258.607 pesetas.

A continuación se adjuntan unos catálogos donde se puede apreciar el diseño de este tipo de instalaciones”.

4.- O interés dunha instalación deste tipo, tanto en termos económicos e de creación de emprego, como polo reclamo que representa e a repercusión de actividade no resto dos sectores da comarca, é evidente. E ademais queda acreditado polos resultados dun parque de características semellantes a este, en superficie e instalacións, da mesma época que o de Monforte, como é o parque acuático de Cerceda.

O pasado 9 de xuño, arrancaba a temporada 2018 do parque de Cerceda, que permanecería aberto ata o 2 de setembro coa seguinte noticia: ***“Arranca la temporada para el Aquapark de Cerceda, único parque acuático de Galicia. Abre hoy sus puertas en un día gris y lluvioso, poco propicio para el baño, pero con intención de repetir, o incluso superar, los 160.000 visitantes registrados en veranos anteriores. En un principio se ha fijado como fecha límite de cierre el 31 de agosto aunque, como sucedió en otras temporadas y siempre y cuando el tiempo lo permita, podría prolongarse excepcionalmente a los primeros días o semanas de septiembre.***

La apertura del parque acuático, situado en el polígono empresarial de la localidad, supone además la contratación de alrededor de medio centenar de trabajadores, que se distribuirán entre socorristas, personal de limpieza o para la atención del chiringuito, trabajadores encargados del mantenimiento, cajeros y también monitores.

Da proximidade no tempo e a semellanza en superficie e custe con relación ao comprometido en Monforte da conta a noticia coa que se inauguraba o parque de Cerceda en 2017: ***“Diecisiete años son los que lleva ya el Aquapark de Cerceda amenizando el verano y atrayendo hasta el municipio a habitantes de toda Galicia y turistas en busca de sus refrescantes y divertidas instalaciones. El parque acuático fue inaugurado tal día como hoy del año 2000 por el presidente de la Xunta, Manuel Fraga, y por los primeros bañistas en una jornada de tiempo no muy apacible, aunque no lo suficiente para impedirles hacer uso de las piscinas y los toboganes. Situado en un recinto de más de 30.000 metros cuadrados en el parque industrial de O Acevedo, su construcción supuso una inversión inicial de 400 millones de pesetas (sobre 2.400.000 euros), que fueron aportadas mayoritariamente por el Concello, aunque la Xunta y la Diputación también colaboraron.***

Sobra decir que a climatoloxía en Monforte en verán é infinitamente mellor que a de Cerceda. Que o reclamo que tería suposto o parque de Monforte para o sur de Galicia tería sido determinante e un elemento dinamizador de primeira magnitude, ademais dun importante xerador de emprego en época estival.

A pesares das múltiples peticións deste grupo para que se faga cumprir o contrato a esta concesionaria, tamén no que se refire ás melloras comprometidas, entre outras o parque acuático referido, todas teñen sido desatendidas.

5.- É sabido que o Concello de Ourense ten aprobado recentemente a "construcción, implantación e posta en funcionamento" dun parque acuático nesa cidade. A prensa faise eco dun parque dunha superficie aproximada de 35.000 metros cuadrados, igualmente na liña do comprometido na oferta da concesionaria Aqualia.

Os beneficios obtidos por Cerceda ao longo destes anos, e o feito de que unha cidade próxima a Monforte, como Ourense decida, dezasete anos despois de que nós debéramos ter executado este parque, executar outro, revela que o comportamento destes Alcaldes, permitindo a esta concesionaria un incumprimento desta magnitude, ademais doutros, ten ocasionado un gran prexuízo á cidade de Monforte.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

1.- A requerir á concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento, - AQUALIA-, para que cumpra o contrato ao que ven obrigada nos seus propios termos, particularmente no que atinxe as melloras comprometidas na súa oferta, pormenorizadamente a execución dun parque acuático na cidade de Monforte.

2.- A incoar os expedientes sancionadores que procedan, si se producira a negativa da concesionaria a cumprir esta e as demais obrigas recollidas no contrato que a vincula.

3.- A determinar os efectos económicos deste incumprimento da concesionaria, e a formular reclamación do prexuízo resultante."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que defende os seus votos. Nós sempre queremos os contratos nos seus propios termos, vostedes sempre en contra. E vostede (Alcalde) onde estaba cando foi deputado durante seis anos? Temos tido o mito Pacadar. E vén preguntarme a min. A Xunta fixo o Porto Seco, a potabilizadora, as rotondas, dá subvencións, financia servizos. Esta

iniciativa dálle a oportunidade de cambiar o voto. Explica a moción segundo máis ou menos o que nela figura. Le o apartado h.4, que está en cursiva, ata *entorno del mismo*. Pasa á valoración económica, dá a cifra sen e co terreo. Utiliza datos do parque de Cerceda. Le o parágrafo referido a el dende *arranca* ata *monitores*. É un elemento dinamizador da economía. Refírese aos tres puntos que se instan.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que o que se insta é cumprir o contrato coa empresa. Non estamos seguros de que o parque sexa solución para o Concello, pero si con que as empresas cumpran os contratos. Sería bo un informe de viabilidade do parque acuático, pero estamos a favor dos puntos que se poñen.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é un compromiso de Esperta Monforte facer cumprir os contratos. É un tema que xa nos ten cansos, pero non deixa de ser un compromiso do contrato. Isto tiña que ser hai anos, houbo a desgraza da privatización do servizo, responsable é quen o fixo. Se xuridicamente estamos a tempo, imos votar a favor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que cando a reclamación a Aqualia, este Grupo abstívose por se interesa máis o parque acuático ou se queremos unha contraprestación económica. A construción do parque acuático paliaría a peregrinación dos monfortinos a outros Concellos. Non temos un lugar de baño público. Apoiamos resolver esa necesidade e este tipo de elementos. Hai que meter a Aqualia en cintura, coa necesidade para iso de ter un punto en común. Isto tiña que estar para o 2002, supón motivo de rescisión coa empresa. Vaise acabar o contrato e a empresa vai marchar de rositas. (Dille o Sr. Alcalde que a peregrinación é a outras piscinas. O parque acuático non é barato, véxase o de Cerceda).

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que 17 anos despois, vén coa brillante idea do parque acuático. Moi ben o fai este equipo de goberno, cando isto é o que teñen. Tocaba no 2002, e era o PP. Veñen coas rebaixas do baúl dos recordos. Agora é imposible onde iría inicialmente, os terreos comprados son agora paseo fluvial, destruímolos? A estas alturas, Aqualia é o seu problema. Trata de desviar as súas propias vergonzas, explicar por que pide unha cousa e fai a contraria. Por que votou en contra de reclamarlle á empresa 3,5 millóns de euros? Porque llellos quitou aos monfortinos? É un intento van de desgastar ao goberno municipal, cando votou aforrarlle á empresa tres millóns e medio de euros. Imos votar en contra desta moción, contra un retorcido alude con todo isto.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao anterior interveniente que o chame como queira, o voto é en contra de requirir o cumprimento do contrato. Non queren cuantificar todo, e que se cumpra o horario –anuncio unha moción sobre isto para o próximo Pleno-. Asfaltan e non requiren o control das fugas por Aqualia. Non están en facerlle cumprir. Rescindir?, preguntalle ao BNG, pero se non hai unha soa reclamación en positivo. O de que Cerceda é máis caro que o Club Fluvial, non falamos do mesmo, nós falamos dun motor económico. No ano 2003, a coalición do BNG e do PSOE non foron quen do parque acuático, da muralla, da chacinera. Eu non lles quitei tres millóns aos monfortinos, revisen quen quitou proxectos aos monfortinos en 2003. Nin sequera hoxe votan a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, que reitera que están a favor.

(Dna. Maribel García Díaz renuncia á segunda quenda).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que independentemente de que sexa caro ou barato, referíame a que non temos alternativas ante o doutros Concellos.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que o de Dna. Julia Rodríguez son todo despropósitos. O seu é unha murga. Le a definición para que non se sinta ofendida. A que non quixo reclamar tres millóns e medio a Aqualia foi vostede. Bonito o que di, pero o real é o outro. Vostedes só miran para os da dúa corda onde gobernan. O seu afán é fastidiar a este goberno municipal. Non pretenda enganar, fronte á realidade de dicir non a tres millóns e medio de euros. Repetireillo. Dille a Dna. Pilar López que é un feito que vota co PP.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que é máis digno que coincidamos grupos distintos ideoloxicamente que a connivencia con Aqualia. Vostede (Sr. Torres) ten a valentía do escudeiro fiel. Bo vasalo sería se tivese bo señor, que é quen lle coloca isto. Que triste que veña vostede a defender isto! En 2003, o Alcalde actual era Tenente de Alcalde –ata 2007-, cando había que cumprir isto. E despois que dixo dende a oposición? Fala de murga e de agobio. Que é unha murga reclamar o de Cerceda, a murga son vostedes permanentemente en contra do cumprimento dos contratos. Estou orgullosa da murga de reclamar o que deberían ter os monfortinos.

Do Sr. Alcalde, que di que o que hai que oír. Vai comparar os tempos para cumprir isto. Daquela apoiei que era máis importante investir en arranxar a rede de abastecemento que o parque acuático. Vostede está na contradición.

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DAS ROTONDAS QUE A XUNTA ESTA EXECUTANDO NA RONDA MARIA EMILIA CASAS BAAMONDE.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau e Dna. Marina Douton Rajo).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- É sabido que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda está executando as obras de construción de dúas glorietas na Ronda María Emilia Casas Baamonde, na súa confluencia coa Rúa Corredoira e a Rúa Abeledos, con un orzamento de 320.000 € e que mellorarán a seguridade viaria e humanizarán o tramo entre o pk 1'000 e 1'350, extendendo unha nova capa de rodadura en todo o ancho da calzada e reforzando o firme cun fresado de 5 cm, ademais de estender as beirarrúas para o tránsito peonil e mellorar a accesibilidade nesa zona.

2.- Non é a primeira vez que este grupo ten solicitado que se melloren as beirarrúas no tramo da Rúa Corredoira, entre o cruce que da acceso ao Hospital Comarcal e o cruce coa Ronda María Emilia Casas Baamonde.

Xa no lateral onde se atopa a saída do parking do Mercadona, se ten advertido da necesidade de facer os trámites necesario para mellorar a seguridade desa beirarrúa. E da mesma forma, no que atinxe á beirarrúa do outro lado, se ten solicitado, infrutuosamente, que se acondicionara a zona terriza para delimitar axeitadamente a zona de estacionamento e de tránsito peonil. Na actualidade, a beirarrúa desaparece nun tramo importante, e por mor de que os vehículos estacionan nesa zona terriza, os peatóns teñen que pasar pola calzada, nunha rúa con moito tráfico, ao dar acceso ao hospital.

3.- Tamén o tramo da rua Corredoira que comunica a Ronda coa Estrada de Currelos, LU-P-3202, precisa dunha actuación para dotala das necesarias beirarrúas, dado que carece delas na súa marxe dereita e igualmente acontece que os veciños teñen que transitar por unha zona terriza ou mesmo pola calzada para evitar os vehículos estacionados, ou mesmo o mal estado do terreo no inverno.

Os veciños teñen trasladado a necesidade de levar a cabo esta actuación ata o punto de que mesmo un deles ten acondicionado un tramo a súa costa no outro lado.

4.- Este grupo considera que é un bo momento para complementar a actuación que está levando a cabo a Xunta de Galicia na estrada autonómica LU-664, no tramo sinalado da Ronda María Emilia Casas Baamonde, mellorando tamén a seguridade das vías municipais que confluen nela, nese punto, concretamente, no que atinxe á Rúa Corredoira, dotandoa das necesarias beirarrúas dende o cruce que da acceso ao hospital ata a súa confluencia coa LU-P-3202.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

A complementar a actuación que está levando a cabo a Xunta de Galicia na estrada autonómica LU-664, no tramo sinalado da Ronda María Emilia Casas Baamonde, mellorando tamén a seguridade das vías municipais que confluen nela, nese punto, concretamente, no que atinxe á Rúa Corredoira, dotandoa das necesarias beirarrúas dende o cruce que da acceso ao hospital ata a súa confluencia coa LU-P-3202.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que fala o Alcalde de seis meses de 2003. Pero eu dígolle despois e os anos de agora. Vostede seguirá sen facer nada. A rede está mal e non lle pide nada sobre iso. Explica esta iniciativa máis ou menos como figura na moción. Le o que se insta e repíteo. Refírese ao proxecto de mellora de rodaduras en varias rúas: só rodadura e sinalización con pintura, é dicir, asfalto. Le o que di o Alcalde na prensa sobre o que ela fai aquí e no Parlamento. Pregunta onde están as beirarrúas no proxecto. (O Sr. Alcalde dille que tería tempo dabondo

se intervírese sobre a iniciativa e nada máis. Di vostede que sobre Aqualia, nada. E Aceña Nova, Zapardiel, etc.? Acostúmese a dicir a verdade).

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que que o Sr. Torres tense referido ao seu entendemento co PP, e o Alcalde falou de coalición. Polo ben de Monforte, colígome aínda que sexa co demo, peor é quen actúa *por quítate tú que me pongo yo*. Respecto a esta moción, totalmente de acordo. No Pleno de decembro de 2016, sendo do BNG, pedimos esa rotonda, se ben o PP engadiu outra rotonda máis que se fai. A favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que vota a favor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que xa en marzo de 2017, trouxo o BNG a necesidade da mellora do tráfico na intersección de Corredoira e Abeledos. De acordo coa necesidade de beirarrúas. Tamén se aprobou que a Xunta acondicionase o estacionamento do Hospital polo problema enorme que hai con iso. O voto é favorable.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que lle agradece que se preocupe por el. Mirará o papelón no que a pon a ela o seu partido co do parque acuático e negándose a reclamar tres millóns e medio de euros. Refírese a como dixo Rafael Alberti o do bo escudeiro. Vostede pon os intereses persoais por diante dos monfortinos. Vostede está na política do chascarrillo. Respecto as súas liberdades, de expresión e demais, pero é conveniente informarse para non quedar en evidencia. Presenta o día 24 a moción sobre a rúa Corredoira. O Concello está en fase de contratar 15 rúas, e unha é a rúa Corredoira. A información está dispoñible no perfil do contratante e na plataforma do Ministerio de Facenda. O procedemento finalizará aproximadamente no mes de novembro, para facer a obra en 2019. Está publicado tamén nos medios de comunicación. Talvez dedícase máis ao Parlamento de Galicia que ao Concello; por iso, isto é para disimular e buscar votos. Temos feito obras de auga, de alumeadado, e agora arranxamos as rúas Corredoira e Abeledos, e máis cousas. Tamén arranxaremos as beirarrúas seguindo unha orde de traballos. Temos unha folla de ruta que non cambiaremos por máis que vostede se empeñe. Lamentamos unha oposición en contra dos intereses de Monforte. Que a Xunta resolva o dos accesos ao Porto Seco e outras cousas. Non vale todo criticando aos demais, buscando rédito persoal. Como as obras están en fase de contratación, ímonos abster, vostede non aporta nada novo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao anterior interveniente que o seu rigor respecto aos proxectos de obras é como o literario, porque non é de Alberti o do bo escudeiro, senón do Poema do Mío Cid. Dígame onde están no proxecto as beirarrúas da rúa Corredoira. Non están no proxecto. Onde está a irresponsabilidade? Non o está en limitarse á capa de rodadura? Pedimos beirarrúas e responden de forma irada. O seu xefe de filas estivo no Parlamento e foi Tenente de Alcalde, eu estou na oposición.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que falou o Sr. Torres da rede de abastecemento. Se ten que pagar Aqualia, así calquera, mire o informe sobre a rúa Corredoira. De verdade está orgulloso da chafallada –parecen as curvas dos Peares- das rúas Corredoira e Garabantes? Di que por que non pide Julia Rodríguez, pida vostede, que tamén me coligarei con vostede. No de Aqualia, está a sentenza e a desistencia. Faga un cursiño sobre remate de obras.

(Dna. Maribel García Díaz e D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncian á segunda quenda).

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que sobre vasalaxe e sumisión, sabe máis ela. Faremos as beirarrúas. O que eu citei si é de Rafael Alberti.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que non lle gusta o termo sumisión. Vostede repite a cantilena do Alcalde na radio. Faranse as beirarrúas, pero non neste proxecto. Non son capaces de facer algo integrado. Logo veremos o da rúa Santo Domingo, unha capa de granito que non resolverá, senón que dará problemas. A quen se lle ocorre facer agora o asfaltado sen as beirarrúas? Arremeteron contra min, que o Alcalde me diga en que páxina do proxecto están as beirarrúas. O acceso ao Porto Seco está pendente do informe de Fomento, que está atrasado polo cambio de goberno. Sobre a urbanización da rúa Chantada fixemos xestións, da Xunta non é máis que a calzada, a urbanización é do Concello, que mira para outro lado. Fixen xestións e dixéronme que era competencia do Concello.

Do Sr. Alcalde, que di que se algún insulto –insulto é menosprezar- houbo hoxe aquí, foi de Dna. Julia Rodríguez. En relación coas rotondas, a iniciativa foi do BNG e o acordo do Pleno. Pedín o proxecto e non o mandaron ao Concello por estar só en terreo da Xunta, e non é así, tamén o hai do Concello e da Deputación. Porque á inversa, nós pedimos permiso e pagamos, unha fianza previa. O informe estivo pendente de xaneiro a xuño e agora culpa a Pedro Sánchez. No Parlamento estiven seis anos, podemos mirar as iniciativas miñas e as que leva vostede, esa é a proba do algodón.

9. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír os seguintes asunto e mocións:

A) CESIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, Á FCC MEDIO AMBIENTE, S.A., FILIAL DE FCC, S.A.

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta dos ditames emitidos pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos previa ao Pleno ordinario de xullo, no que o asunto quedou sobre a mesa, e pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas previa a este Pleno. En base a ditos ditames e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto o informe de Secretaría do 16/07/2018 e o informe de Intervención do 20/09/2018 en relación con este asunto,

O Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- AUTORIZAR A CESIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, sendo cedente a empresa FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., e cesionaria a empresa FCC MEDIO AMBIENTE, S.A., filial da primeira.

SEGUNDO.- A cesión deberá formalizarse en escritura pública, de acordo coa normativa aplicable, para a súa efectividade.

TERCEIRO.- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A constituirá ao seu nome a garantía definitiva correspondente ao contrato cuxa cesión se autoriza, tralo cal procederá a cancelar o aval presentado por FCC S.A. cando resultou adxudicatario do contrato.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que co informe de Intervención, a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que igual que a anterior interveniente.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que se van abster, por cederse un contrato en vigor, aínda que sexa a unha filial.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, e D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, non interveñen).

B) MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO NOSO CONCELLO.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- En outubro de 2016, este grupo municipal presentou unha moción, na que instábase ao equipo de goberno a elaborar unha ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Monforte, adaptada a lei 4/2013, a fin de darlle cumprimento e garantir a prestación deste servizo dentro do marco lexislativo vixente, coa maior calidade para os usuarios e as mellores condicións e garantías para os profesionais que o prestan. A iniciativa foi aprobada por unanimidade.

No noso Concello, non so para atender as necesidades da poboación urbá senón e de modo especial as da poboación que se asenta nas parroquias rurais, é preciso regular o réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi prestado ao amparo das licenzas de taxi do Concello de Monforte, dando ademáis desta maneira cumprimento ao establecido na Disposición Final Terceira da Lei antes citada que establece que os Concellos adaptarán as ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto na mesma, no prazo dun ano dende a súa entrada en vigor.

A lei 4/2013 foi publicada no DOGA do 14 de xuño de 2013. **O prazo dun ano que establece para a adaptación da ordenanza municipal tense excedido en mais de catro anos.**

2.- Os taxistas teñen trasladado ao Concello, sin éxito, a necesidade de elaborar esta ordenanza para correxir certas disfuncións que se están producindo no servizo.

O Alcalde e o equipo de goberno non teñen cumprido co prazo que establece a lei, nin co acordo plenario para redactar esta ordenanza, pero mesmo teñen desatendido as peticións que nese sentido lle teñen trasladado os profesionais do sector. Esta situación motiva que teñamos que reiterar a petición formulada no seu día.

3.- E preciso proceder á elaboración dunha ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Monforte, a fin de garantir a prestación deste servizo dentro do marco legislativo vixente, coa maior calidade para os usuarios e as mellores condicións e garantías para os profesionais que o prestan. E é necesario facelo consensuando os seus termos co colectivo de taxistas, a fin de dar resposta as incidencias que se están a producir.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

- A elaborar unha ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Monforte, consensuada co colectivo de profesionais do taxi e adaptada a lei 4/2013, a fin de darlle cumprimento e garantir a prestación deste servizo dentro do marco legislativo vixente, coa maior calidade para os usuarios e as mellores condicións e garantías para os profesionais que o prestan.

- A instalar unha marquesiña nas inmediacións da parada.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di ao Alcalde que lle diga en que punto o insultou, e se o del na prensa non é insulto, ten unha dobre vara de medir. Explica a moción segundo o que figura nela. Tamén hai desidia con outras ordenanzas, sería útil a de regular a execución

de obras nas vías públicas. O argumento de esperar ao Regulamento da Lei, non se sostén. Ourense, Vilagarcía, Vigo ou Sarria, téñeno aprobado. Tamén cómpre colocar unha marquesiña e un punto de luz na parada dos taxis.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que dicía o Alcalde que o PP non recoñecía que a rotonda fose pedida polo BNG. Aplíquese o conto: as axudas aos deportistas de elite foramos nós e dixo vostede no salón de actos que era grazas a vostede. Entendín que se vai introducir o da marquesiña (Dna. Julia Rodríguez asente). A finais do mandato anterior, consensuado coa Asociación de taxistas, había un borrador de ordenanza. É querer facelo, pero pasa o mesmo co mercadiño, coa feira, etc. Xa se debateu en outubro de 2016. A favor entón e a favor agora.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que como se acaba de dicir, é un tema xa debatido e aprobado, resta facelo e darlle luz.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que despois de falar cos taxistas de Monforte e do que xa fora aprobado, a favor.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que o equipo de goberno considera necesaria unha ordenanza do servizo de taxis. Hai un ano, houbo unha reunión coa Asociación daquel entón e coa xestoría que levaba o deste colectivo. A raíz da nova lei de taxis de Galicia, os taxistas preferiron esperar ao Regulamento da Lei, que está en fase de tramitación. Coincidindo coa necesidade, non é o momento, e por iso, imos absternos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que coa abstención do equipo de goberno, quedaremos como estamos. Nada impide unha ordenanza en base á Lei. Recordo sobre rotondas a iniciativa do BNG e a emenda do PP para que os técnicos da Xunta visen o máis pertinente. Máis que a iniciativa, está a xestión, e iso fíxeno eu no Parlamento de Galicia. Aprobada a moción, que se traballe nesta ordenanza.

(Dna. Pilar López Martínez, Dna. Maribel García Díaz D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncian á segunda quenda).

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que non se quedará o colectivo de taxistas sen ordenanza, soamente está pendente o Regulamento da Lei.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, para engadir un segundo punto de *“instalar unha marquesiña nas inmediacións da parada”*.

Do Sr. Alcalde, que di que a abstención deles é clara. Tiñamos un documento de traballo baseado na ordenanza de Viveiro. Valía. Posteriormente, a Asociación de taxistas co seu xestor administrativo, pediu a paralización, ata que se tramitase a normativa legal pendente. Temos claro a necesidade da ordenanza. Ten vostede –por Dna. Julia Rodríguez- máis coñecemento ca min. Parece que se reuniron co Secretario, que non forma parte do equipo de goberno. A última noticia que temos do colectivo é a de paralizar a ordenanza. Abstémonos pola necesidade dela, pero falta o Regulamento da Lei.

C) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó ARRANXO E REMODELACIÓN DUN TRAMO DA RÚA DOUTOR CASARES (RÚA DA PENA).

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D. Manuel Jesús López Sánchez)

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O tramo da rúa Doutor Casares comprendido entre a praza do Doutor Goianes e o cruce coa rúa do Malecón, atópase nun estado de bastante deterioro, contando con numerosas fochancas. Isto ven as ser unha incomodidade tanto para os vehículos que circulan por esta rúa como para os peóns, que en épocas de precipitacións son salpicados pola auga que se concentra nestas fochas. Ademais do mal estado que presenta é por todos sabido que en determinadas zonas deste tramo, as beirarrúas non chegan a ter o ancho preciso para ser transitadas polos peóns, de xeito que estes deben baixar á zoa reservada para os vehículos no momento no que se cruzan con outro usuario, entrañando isto un grave perigo, e máis aínda cando se trata de cadeiras de rodas ou cochiños de bebés. Dentro do citado tramo atópanse as instalacións do Centro de Saúde, o que fai que este sexa moi transitado por persoas con algún tipo de discapacidade física e por pais e nais que deben trasladar aos seus cativos en cadeiras de paseo. Tendo en conta que se está a actuar en numerosas rúas da cidade, consideramos que sería un bo momento para facer o propio con esta, que por riba é unha das máis transitadas da cidade

Porén, o Pleno, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ó goberno municipal a que leve a cabo o arranxo e remodelación do tramo anteriormente citado, situando as beirarrúas e a rúa a un mesmo nivel, facilitando así o uso aos viandantes e dun xeito especial aos colectivos máis sensibles a este problema. E previamente, a renovación das conducións e a preinstalación do soterramento dos cableados.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción. Di que non é o debate agora de facer a rúa peonil. Trátase de actuar mentres tanto. Explica algo máis sobre a situación e as necesidades.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están totalmente de acordo. A tarefa é complexa. Somos conscientes das circunstancias da dimensión da rúa para dispoñer de beirarrúas. Concordamos en que habrá que ir pensando na peonalización. O noso voto é a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que foi o seu Grupo quen presentou hai tempo a peonalización desta zona. E tamén da rúa Hortas, precisamente o comercio trasládase á zona xa peonalizada. Si me gustaría que entrase xa a peonalización. Agora o propoñente trae o arranxo, sacaríanse os adoquíns? Forman parte do patrimonio desta cidade.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que os taxistas si que dixeron ao Concello, a través do Secretario. Esta vía non ten espazo suficiente para beirarrúas, máis que as que ten. Dille a Dna. Maribel García que os adoquíns non están vinculados ao patrimonio da cidade, non os hai na Ponte Vella. O adoquín é unha agonía para persoas con cadeiras de rodas, para os coches dos nenos, para as bicicletas. Temos que procurar vías compatibles con esas necesidades. Tamén haberá que mirar as obrigas de Aqualia sobre as conducións que hai nas vías e a preinstalación do soterramento dos cableados. Pedimos que acepte unha emenda nosa nese sentido.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que comparten a filosofía da moción, pero a solución non é tan sinxela. O firme efectivamente está en mal estado. Arranxalo si, pero outra cousa é unha remodelación, tendo en conta os servizos públicos e as rúas adxacentes. Haberá que miralo cara ao futuro, con exame de vantaxes e inconvenientes. Por iso, ímonos abster.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que a agradece os apoios e a abstención – ao non estar en contra- do goberno municipal. Dille a Esperta Monforte que o dos adoquíns –tecnicamente, hai variedades- haberá que miralo na concreción do proxecto. O de peonil, é un debate a ter, pero non se trata aquí. Nós falamos dunha acción integral, non dun lavado de cara. Que se aprobe e pasarse a estudar a fórmula de reforma.

De Dna. Pilar López Martínez, que di sobre os adoquíns, que nas rúas peonís hai que pensalo. Escordaduras de nocellos, inconvenientes para as cadeiras de rodas. Hai que telo en conta.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que sobre os adoquíns, simplemente fixo unha pregunta. No Plan Especial vaise recuperar ese pavimento.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que segundo unha análise máis profunda e minuciosa do Grupo Socialista, está ese pavimento na rúa do Conde e outras.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que está ben o da análise minuciosa.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que concreta, aceptado polo propoñente, o engadido de *“previamente, a renovación das conducións e a preinstalación do soterramento dos cableados”*.

D) MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O RELATIVA Á LEI 9/2017 DE 26 DE DECEMBRO DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS QUE MODIFICA A LEI DE 3/2007 DE 9 DE ABRIL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Julia Rodríguez Barreira e Dna. Purificación Argiz Quintas).

En base á moción presentada, acórdase o seguinte:

“Como é ben sabido e a raíz dos últimos incendios que tiveron lugar en outubro de 2017 levouse a cabo unha modificación **da Lei 3/2007, de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia** mediante a **Lei 9/2017 de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas**, como se pode observar no seu Capítulo VI no que respecta ás distancias de seguridade en relación ás vivendas e aos núcleos de poboación.

Podemos estar a favor da seguridade no que se refire ás distancias mínimas de desbroce e ás marxes nas repoboacións que cómpre respectar para evitar que as vivendas corran riscos ante desgraciados incendios como os vividos na nosa Comunidade Autónoma en outubro de 2017 e en concreto no noso concello, na parroquia de Chavaga.

Alén disto, cómpre termos en conta que durante moito tempo, por parte das administracións públicas, estívose a mirar para outro lado no que atinxe ás plantacións de árbores, tanto en terreos non forestais como a tipoloxía de árbore plantada, como no que atinxe á construción de vivendas sen contar coas licenzas e permisos correspondentes. Motivo este que está a provocar rexeitamento entre a cidadanía porque agora os propietarios atópanse coa obriga de retirar árbores (na súa maioría piñeiros) por estaren a unha distancia menor á permitida na actualidade e consideran que debería de ser indemnizados pola deixadez da administración por permitir construír onde non se podía.

Esta modificación está a provocar que os propietarios comecen a recibir notificacións por parte das administración advertíndolles da irregularidade que supón non ter as súas propiedades limpas e de acordo á lexislación vixente o que provoca que, en moitas ocasións, malvendan as súas plantacións de piñeiros ou mesmo teñan que regalar as árbores para que llelas retiren, o que beneficia única e exclusivamente ás empresas madeireiras. Ben é certo, que, de momento, non están a sancionar pero no caso de que teña lugar un desgraciado incendio neste territorio estarían a incorrer un delito penal coas consecuencias que iso conleva.

Ademais cómpre ter en conta que as administracións públicas son as primeiras que deberían de dar exemplo á hora de respectar a lexislación e non está sucedendo xa que podemos observar na nosa comarca e no noso concello en concreto, os cortalumes e moitas estradas están sen limpar por parte da Xunta de Galicia, o concello non mantén limpos os camiños secundarios e a Deputación non leva a cabo o desbroce das estradas da súa titularidade coa eficacia que debería, xa que por exemplo a estrada de Santa Mariña ou a da Penela foron desbravadas a mediados do mes de setembro, pasando todo o verán as cunetas cunha vexetación esaxerada e con risco para os incendios, nin tampouco se está a controlar o tipo de árbore que se está a replantar en moitos casos despois de incendios, como por exemplo na serra de Chavaga recentemente repoboada despois do incendio de outubro de 2017.

Somos conscientes de que manter as estradas e os camiños libres de vexetación implica desbravalos dúas ou tres veces ao ano, como mínimo, o que supón un incremento no gasto público, mais

consideramos que antes de esixirilles aos propietarios dos terreos que cumpran a lei, debemos, como administración pública, ser os primeiros en cumprir para darmos exemplo.

Por todo isto, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO

A que se dirixa ás distintas Administracións Públicas para que cadaquén dentro das súas competencias manteña desbravadas as súas titularidades e cumpran coas súas responsabilidades.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que anuncia loxicamente pola problemática dos incendios –lamentando os eucaliptos na Chavaga-, o voto favorable.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que le o artigo 21, sobre a biomasa, da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Votaremos a favor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que o seu voto é favorable. Non só polos incendios, senón polos perigos para a circulación de vehículos. Tamén hai que ter en conta o cambio climático, o ano pasado houbo incendios en outubro.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que a Lei 3/2007 foi modificada pola Lei 9/2017. Non veu con dotación económica, polo que é incumprible para a maioría dos Concellos. A Fegamp díxolle á Consellería de Medio Rural que non é posible cumprilo de inmediato. No DOG do 17 de agosto figura un convenio entre Seaga, a Consellería e a Fegamp, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias. Por ese convenio, haberá 5 millóns de euros este ano, e 7,5 millóns en cada un dos tres seguintes. A empresa pública Seaga encargárase do público, e do privado con acordo do propietario. Os concellos poden ter unha colaboración voluntaria. En Monforte consideramos que o convenio é positivo e solicitamos a adhesión. Dá datos das hectáreas nas que se actuou o último ano. É un esforzo considerable, máis que o habido ata agora. A proposta é correcta, ímola apoiar.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que pode estar de acordo con ese convenio, pero non entende a presión sobre os propietarios para que malvendan os piñeiros. Se a administración pode agardar, por que non pode facelo o privado. Non é nada do outro mundo que a Deputación desbrave as cunetas das súas estradas. É claro o sentido da moción. Agradezo os apoios.

(Dna. Maribel García Díaz, D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez e D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncian á segunda quenda).

Do Sr. Alcalde, que di que os concellos deberían limitar as faixas secundarias. Non hai capacidade, pero si a obriga de comunicar actuacións aos axentes da Xunta de Galicia. Como a Consellería non ten medios, faise o convenio para 4 anos. Seaga ten prezos no convenio para os propietarios que queiran. O custo reducirase en anos sucesivos polo xa limpado. Serán 27 millóns de euros nos catro anos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que entende que iso está perfecto, pero non está de máis que a Deputación limpe dúas ou tres veces ao ano, está tamén o que afecta aos condutores segundo dixo o BNG, e tamén hai risco para os peóns. Iso non quita a limpeza das vías públicas de cada administración.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

10. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 03.08.2018, de 07.08.2018, de 10.08.2018, de 17.08.2018, de 12.09.2018 e de 17.09.2018) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

11. DACIÓN DE CONTA DAS LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO DE 2019.

Dáse conta ao Pleno da información remitida ao MINHAC (Ministerio de Facenda) sobre as liñas fundamentais do orzamento para 2019 –aprobadas por Resolución da Alcaldía do 13 de setembro de 2017-, en cumprimento do art. 5 da Orde HAP/2105/2012, que se refire á subministración de información de marcos orzamentarios a medio prazo.

12. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 2º TRIMESTRE DE 2018 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAC.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2018, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

13. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 2º TRIMESTRE DE 2018.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2018, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 2,56.

14. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2018.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 2º trimestre de 2018:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

15. ROGOS E PREGUNTAS.

1º.- ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP. Formúlaos a portavoz de Grupo, Dna. Julia Rodríguez Barreira.

A) PREGUNTA REXISTRADA DE ENTRADA O DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2018.

PREGUNTAS SOBRE OBRAS NA RÚA SANTO DOMINGO.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1. El proyecto de pavimentación de la C/ Santo Domingo, fue redactado en fecha 19.3.2018, pero no fue aprobado hasta el 26.6.2018, fecha en que también se aprobó el pliego de cláusulas administrativas que rigen la contratación, de manera que el trámite de adjudicación de las obras hizo que éstas no se pudieran iniciar hasta el mes de septiembre, justo cuando comenzaba el curso escolar, con las molestias que esto representa para las familias que tienen que trasladar diariamente a sus hijos al colegio Torre de Lemos.
2. El importe de las obras, 167.531 €, fue asumido en su mayor parte -156.980 €- por la Diputación Provincial de Lugo, en el marco del Plan Único, de manera que el Concello de Monforte aportó únicamente la cantidad de 10.551 €.
3. La C/ Santo Domingo, presenta unas conducciones muy antiguas, y presumiblemente muy deterioradas, con signos de fugas que han provocado el hundimiento del pavimento, y que en algún punto son apreciables incluso en la superficie. Además, la calle presenta postes de la luz de madera y cableados que la cruzan de lado a lado, afeándola de modo evidente. A mitad de la calle, existe un muro de hormigón, que delimita un solar municipal, que impide ver la muralla y estrecha la calzada de modo apreciable.
4. La colocación de granito sobre el pavimento existente, obliga a comprobar previamente la existencia de fugas y renovar las conducciones deterioradas, para evitar que en breve haya que levantar el

granito y el pavimento actual. De la misma forma, estas obras son una oportunidad para hacer la preinstalación para el soterramiento del cableado y eliminar los postes de madera que afean la calle.

5. La calle Santo Domingo es una calle emblemática del conjunto histórico. El PEPCHA señala que hay que hacer un esfuerzo adicional de soterramiento de las infraestructuras de servicios, eliminando la intrusión visual para mejorar la calidad ambiental del conjunto histórico, y deberá constituir una acción sistemática.
6. Estos días se han iniciado las obras de pavimentación de la calle Santo Domingo. No se aprecia actuación sobre las conducciones ni sobre cableados ni postes. Aparentemente, la actuación se limita a colocar granito sobre el pavimento ya existente. Considerando que el Ayuntamiento solo aporta 10.551 € para esta obra, es lamentable que no se haya aprovechado para incrementar esa aportación y llevar a cabo una actuación más ambiciosa.

Por ello se formula al Sr. Alcalde las siguientes

PREGUNTAS:

- 1.- Porqué se demoró el inicio de las obras hasta el mes de septiembre, sin considerar que coincidiría con el inicio del curso escolar y provocaría importantes molestias a las familias, que se podrían haber evitado, si se hubiese aprovechado el verano para llevarlas a cabo?
2. Se ha requerido a la concesionaria Aqualia para que localice posibles fugas o renueve conducciones deterioradas o averiadas, como es su obligación antes de colocar el granito sobre el pavimento existente?
- 3.- Se ha realizado alguna gestión con Naturgy dirigida al soterramiento del cableado? Se ha considerado dejar hecha la preinstalación para un soterramiento futuro?
- 4.- Se ha considerado actuación alguna sobre el muro de hormigón de titularidad municipal dirigida a favorecer la visibilidad de la muralla y el ensanche de la calzada?"

Resposta do Sr. Alcalde:

Non hai ningún tipo de demora. Ao contrario, acelerouse moito a contratación. O proxecto é de marzo, para presentalo ao Plan Único provincial en abril. O Plan Único foi aprobado polo Pleno da Deputación o 29 de maio, despois está o anuncio no B.O.P., o período de alegacións, a aprobación definitiva e a comunicación ao Concello. O 26 de xuño asinei a providencia de inicio da contratación. Coa nova lei de contratos do sector público, aumentan os prazos, é un problema xeral dos Concellos, sobre o que fixeron propostas Galicia –a do Servizo de Contratación deste Concello- e Cataluña. O contrato coa empresa Acenor formalizouse o 23 de agosto, con tódolos trámites que houbo que facer. Por iso non se aproveitou o verán. En setembro, fíxose o replanteo e o plan de seguridade e saúde. E reunímonos co colexio Torre de Lemos.

O contrato di o que di. Nós non imos poñer tubaxes doutra empresa, avisámoslos para que actúen. Se din o que din da rúa Corredoira, por que queren outra cousa noutro sitio.

B) PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2018.

a) PREGUNTA SOBRE A NON SOLICITUDE DO OBRADOIRO XUVENIL.

“Exposición de motivos:

No mes de xullo había en Monforte, mais de 70 menores de 25 anos en situación de desemprego.

O Concello de Monforte non ten solicitado o Obradoiro Xuvenil que o ano pasado permitiu formarse a 15 persoas menores de 30 anos cunha axuda da Xunta de Galicia de mais de 140.000 €.

A Xunta de Galicia ten concedido todos os obradoiros que se teñen solicitado. Os Concellos de Lugo e Ribadeo teñen accedido a un obradoiro dual e outro xuvenil.

O Concello de Monforte i particularmente a xente menor de 30 anos en situación de desemprego no noso concello, tamén podería terse beneficiado desta axuda que lles daría acceso a un traballo formativo.

O feito de non ter solicitado este Obradoiro Xuvenil e ter perdido esta oportunidade para tantos mozos desempregados que temos non noso concello, resulta especialmente grave, e compre preguntar o Sr. Alcalde:

¿Cales son as razóns polas que o Concello de Monforte, non ten solicitado o OBRADOIRO XUVENIL para a anualidade 2018-2019?”

Resposta do Sr. Alcalde:

Non lle vou dicir a experiencia do obradoiro xuvenil do ano pasado, pero un actúa sobre a experiencia. Falei con xente da Consellería: o lóxico é un obradoiro. Decidimos solicitar un denominado dual. Non lle queremos poñer límites de idade, ademais os xuvenís son de seis meses e os duais, de nove. Por esas razóns, solicitamos o máis conveniente.

b) PREGUNTA SOBRE O TRANSPORTE PÚBLICO AO SAN MATEO.

“Exposición de motivos:

É sabido que a Romaría de San Mateo, vense celebrando dende tempo inmemorial todos os 21 de setembro, na parroquia de A Parte. Son tantos os monfortinos que participan nesta romaría que é habitual que nesa festividade, a cidade quede parcialmente valeira, e mesmo os negocios pechen.

Habitualmente os taxistas e as empresas de autobuses ofrecían os seus servizos para desprazarse ata A Parte. Nembargantes, despois da regulación do Plan de Transportes, as empresas de autobuses non están

en disposición de ofrecer unha liña non prevista neste plan. Isto provocou, que moitos veciños sin medios ou recursos suficientes, quedaran o ano pasado sin poder desprazarse o San Mateo.

Este ano, moitas persoas novas, que queren disfrutar tranquilamente da festa, e voltar sin temor a multas ou riscos, e moitas persoas maiores que carecen de medios ou recursos suficientes, teñen preguntado pola existencia de servizos públicos para desprazarse ao San Mateo.

Coñecido o que ten acontecido o ano pasado. Sabido que habilitar algún autobús para ir e voltar dende o Concello, e mesmo chegar a algún acordo coa Asociación de Taxistas, a este respecto, representa un mínimo esforzo económico para o concello, compre preguntar:

-PORQUÉ NON SE TEN ACADADO UN ACORDO COA ASOCIACIÓN DE TAXISTAS E AS EMPRESAS DE AUTOBUSES LOCAIS, PARA FAVORECER A ASISTENCIA Á ROMERÍA DE SAN MATEO CON SERVIZOS PÚBLICOS PARA AQUELAS PERSOAS QUE CARECEN DE MEDIOS OU RECURSOS SUFICIENTES E PARA FAVORECER E GARANTIR A SEGURIDADE VIAL?"

Resposta do Sr. Alcalde:

O equipo de goberno trata por igual a tódalas festas do Concello. No que respecta ao San Mateo da parroquia da Parte, tódolos gobernos municipais teñen mostrado preocupación especial pola seguridade. Nunca houbo transporte público municipal de bus ou taxi. Había unha empresa que actuaba pola súa conta e risco. En 2017, os taxistas denunciaron iso, a Policía Local comunicoulle a denuncia á empresa e esta decidiu retirar o servizo. O Concello non pon transporte público para as festas en ningunha parroquia. Para a seguridade está o dispositivo que se vén acordando nunha Mesa Técnica de Seguridade –na que este ano estiveron as forzas da orde, técnicos municipais e o parque de bombeiros-, tamén se contou cunha ambulancia. Ademais, a estrada foi arranxada.

c) PREGUNTA SOBRE A NON SOLICITUDE DE AXUDAS DE IGUALDADE DENDE 2015.

(A portavoz do Grupo, antes de formular a pregunta, condena os feitos habidos de violencia de xénero).

“Exposición de motivos:

A Concelleira de Igualdade do Concello de Monforte, reclamaba fai uns meses mais axudas para o sostemento do CIM, concretamente para campañas de sensibilización e denunciaba que facía dous anos que non recibían aporte algún para este tipo de actuacións.

Preguntada a Secretaria Xeral de Igualdade sobre o feito de que o Concello de Monforte non estivera a percibir estas axudas, a resposta dada, informou de que o Concello de Monforte, deixou de solicita estas axudas, e que non se piden dende o ano 2015, motivo polo que, obviamente, non as recibe.

No noso Concello, téñense producido dúas agresións sexuais a menores no entorno familiar neste verán, o que se suma a todos os casos de mulleres que lamentablemente sufren violencia de xénero. É evidente a

necesidade de seguir concienciando e facendo campañas de prevención e tratamento integral fronte a esta lacra que afecta a nosa sociedade.

Por eso, resulta extremadamente grave que non se teñan solicitado estas axudas nos últimos catro anos. O comportamento machista do que ten feito gala o propio Alcalde e outros membros do seu equipo de goberno, acredita que inda queda moito por facer e concienciar a prol da igualdade, e que totalas axudas e campañas que se poidan desenvolver, son poucas.

Compre preguntarse porqué razón non se teñen solicitado estas axudas, o que resulta especialmente grave, tendo en conta que estamos a falar da loita contra a violencia de xénero e a conciliación, e que non aconteceu nun ano illado senón que foi unha práctica habitual dende que o Sr. Tomé é Alcalde. Por iso, se lle formula a seguinte PREGUNTA:

“Cales son as razóns polas que o Concello de Monforte, ten deixado de pedir as axudas para a conciliación e a prevención e tratamento integral da violencia de xénero dende o ano 2015, ata a actualidade?”

(Auséntase Dna. Alicia Cadarso Palau, que se reincorpora durante a resposta do Alcalde).

Resposta do Sr. Alcalde:

Compartimos a condena da violencia de xénero. As accións dos programas realízaas o CIM de Monforte de Lemos. En 2015 cambiaron a convocatoria e as accións subvencionables. Decidiuse non solicitalo porque antes de 2015 estaba aberto a persoas con interese na materia e vítimas, sen saber quen eran estas ao estar mesturadas. Co cambio de normativa, só para vítimas, xa se sabería que o eran todas. No Concello de Monforte decidimos non sinalar a ninguén e non facer actividades con esas características. O CIM séguese facendo con fondos municipais. En Galicia, a maioría dos concellos non solicitaron estes proxectos; de 313 concellos, só o fixeron 5 en 2015, 9 en 2016, 14 en 2017 e 26 en 2018. Os que piden son os que non teñen CIM. Nós apostamos por programas de sensibilización sen marcar a ninguén

C) ROGO REXISTRADO DE ENTRADA O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2018

ROGO SOBRE ARRANXO DUNHA FAROLA EN SAN XULIÁN DE TOR.

“EXPÓN:

O Grupo Municipal do Partido Popular, ten coñecemento da existencia no barrio do Eivedo, na parroquia de San Xulián de Tor, dunha farola, que, dende fai un ano está en desuso, debido a que para o seu arranxo precisase dunha escaleira, ao non poder acceder con un mecanismo elevador, por mor da existencia dun horreo que impide o seu acceso ao limitar a altura de tránsito no camiño.

Esta circunstancia fai que nese entorno, os veciños carezan da axeitada iluminación pública, e por tal motivo, o presente ROGO ten por obxeto:

- Que se dote da axeitada iluminación pública, á penúltima casa existente no barrio do Eivedo, onde se deixou sen reparar unha farola que ilumina un treito considerable, nas inmediacións dunha vivencia habitada, porque non se podía acceder cun vehículo elevador.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Segundo me din, isto non responde á realidade. Está apagada dende o anterior mandato, para redución do gasto de enerxía. Imos ver esa necesidade, mirarao o Concello para se é necesario, poñela a funcionar, con escaleira o usen escaleira.

D) ROGOS ENTREGADOS AO INICIO DA SESIÓN.

a) ROGO SOBRE AS ZONAS DE TRÁNSITO PEATONAL NA RÚA ZAPARDIEL.

“EXPÓN:

O Grupo Municipal do PP, xa ten advertido cando se mellorou o firme da rua Zapardiel, da necesidade de ensanchala no treito que se fai mais estreita e de habilitar zonas de tránsito para os peatóns en condicións de seguridade .

O executado polo equipo de goberno, é unha zona de paso entre as paredes das vivencias e unha zona habilitada para estacionamentos de apenas 50 cm, pola que non transitan os peatóns pola súa estreitez, sendo habitual ver como o fan pola zona de circulación.

Os alumnos do IES DAVIÑA REY, van a diario a facer uso das instalacións do pabellón de deportes do IES RIO CABE, e ante a imposibilidade de transitar pola zona peonil citada, por falta de espacio, o teñen que facer pola calzada co risco que isto representa.

A rua Zapardiel, ten espacio nas inmediacións para habilitar numerosas prazas de estacionamento. E necesario, acondicionar unha zona de tránsito para os peatóns en condicións axeitadas na marxe esquerda da rua, especialmente, no tramo que conduce ata o acceso ao pabellón do IES RIO CABE. Os estacionamentos habilitados nese tramo impiden o tránsito dos peatóns en condicións de seguridade.

Tamén ternos recibido queixas de que non se respetan as prazas de estacionamento dos autobuses escolares en ámbolos dous institutos, de maneira que na hora de facer uso delas, dase a circunstancia de que están ocupadas por vehículos estacionados.

Compre tomar medidas para evitar os riscos que ámbalas dúas situacións representan.

ROGO:

Que se tomen as medidas necesarias para garantir que a zona de tránsito de peatóns na rua Zapardiel, se adecue as necesidades expostas, de maneira que os peatons poidan facer uso dela en condicións de

seguridade, especialmente no que atinxe aos alumnos que acceden por esta rúa ao pavillón do IES Río Cabe.

Que se tomen as medidas necesarias para garantir que en horario de entrada e saída dos citados centros escolares estén dispoñibles as paradas de autobús habilitadas con ese fin.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Acabamos de ver o rogo. Tomamos nota. Analizarémolo.

b) ROGO SOBRE REPOSICIÓN DE LUMINARIA E MALEZA NAS INMEDIACIÓNS DA PRAZA DE SANTO DOMINGO.

“EXPÓN:

O Grupo Municipal do PP, ven de constatar , a instancia dos veciños, a existencia dunha farola cos cristales rotos nas inmediacións da Praza de Sto. Domingo, xusto enriba da escaleira pala que transitan pais e nenos para acceder ao Colexio Torre de Lemos, co risco que esto representa si un deses cristales cae sobre os transeuntes.

Tamén no mesmo tramo da escaleira na outra marxe, existe unha parcela absolutamente colmatada de maleza, co risco de incendio que esto representa no casco histórico, ademais da insalubridade e a mala imaxe, dado que é absolutamente visible dende a Praza de Sto. Domingo, e a propia escaleira de acceso pala rua Abelardo Baanante.

Compre tomar medidas para evitar os riscos que ámbalas dúas situacións representan.

ROGO:

-Que se repoña a luminaria rota na escaleira que da acceso á Praza de Sto. Domingo, na rua Abelardo Baanante.

-Que se requira aos propietarios da parcela xusto enfrente da citada farola, na escaleira que da acceso á Praza de Sto. Domingo, na rua Abelardo Baanante, a fin de que eliminen a maleza existente, en cumprimento coa normativa vixente.”

Resposta do Sr. Alcalde:

O máis urxente é o da luz. Mirarémolo de inmediato e comprobaremos o da maleza.

c) ROGO SOBRE ACTUACIÓNS NECESARIAS EN RELACIÓN A MALEZA EXISTENTE EN DISTINTOS PUNTOS DA CIDADE.

“EXPÓN:

1º.- O Grupo Municipal do Partido Popular, leva algún tempo tendo coñecemento do malestar dos veciños en relación á existencia de abundante maleza, ratas e por tanto unha situación de insalubridade e risco de incendio no solar nº 83 da Rúa Roberto Baamonde da nasa cidade.

A edificación existente nese número, ardeu fai anos, e dende entón os seus propietarios non atenderon en modo ningún as reclamacións dos veciños respecto do estado de abandono que presenta o inmovible, e o risco que representa para as edificacións colindantes .

Este grupo, consciente de que os propios veciños tiñan presentado solicitudes no Concello respecto desta problemática, esperou que foran atendidas . Nembargantes, vimos de coñecer que nada se ten feito para dar resposta a esta problemática.

O Art. 14 da Ordenanza Medioambiental, establece entre as abrigas dos propietarios de terreos e edificacións, "1. *De conformidade coa previsión contida na Lei do Solo de Galicia, os propietarios de terreos ou edificacións deberán mantelos en condicións de seguranza, salubridade e ornato público, e con suxeición ás normas sobre protección do medio ambiente, iso inclúe que os soares que linden coa vía pública deberán estar va/ados con pechamentos permanentes situados na aliñación oficial e mantidos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguranza e ornato.*

2. A hixiene, seguranza e ornato inclúe a esixencia de desratización e desinfección dos soares.

3. A altura dos valos e a construción dos mesmos tarase con materiais que garantan o seu ornato e seguranza respectando a normativa da planificación urbanística e ordenanzas vixentes.

4. Se por motivo de interese público fose necesario asumir subsidiariamente as abrigas do propietario, o concel/o poderá acceder ós soares de propiedade privada "

No presente caso, entendemos que dada a situación do solar sito no nº 83 da Rúa Roberto Baamonde e o infructuoso das xestións efectuadas ata agora, compre por motivo de interese público, que o Concello proceda a asumir subsidiariamente a limpeza do solar, accedendo ao mesmo, a fin de subsanar a situación de insalubridade e o risco de incendio para os edificios colindantes .

2.- Outros veciños nos teñen trasladado queixas sobre solares ou entornos con abundante maleza, como os veciños do regato do Zapardiel, que tamén padecen a presenza de ratas e forte maleza que fai insalubre o entorno das suas vivendas. Tamén veciños da Rúa Santa Clara nos teñen informado da existencia de solares con abundante maleza no entorno do paseo do río nas proximidades da pasarela en dirección Ponte Vella. Tamén nese caso nos trasladan a existencia de maleza que representa un importante risco de incendio e insalubridade.

3.- Tamén existen solares de titularidade municipal ateigados de maleza,

Compre por tanto, que dende o Concello se cumpra e se faga cumprir a Ordenanza Xeral de Protección Mediambiental, polo que se interesa que se fagan os traballos e xestións necesarias, no que atinxe os

regatos, -pormenorizadamente, o sinalado do Zapardiel-, pero tamén respecto dos solares de titularidade pública e privada, a fin de eliminar estes focos de maleza que afectan á estética da cidade, pero sobre todo conforman entornos insalubres e risco de incendio para os veciños .

Polo exposto formúlase o seguinte ROGO:

--que o Concello cumpra e faga cumprir a Ordenanza Xeral de Protección Mediambiental, facendo os traballos e xestións necesarias, no que atinxe os regatos, -pormenorizadamente, o sinalado do Zapardiel-, pero tamén respecto dos solares de titularidade pública e privada, a fin de eliminar estes focos de maleza que afectan á estética da cidade, pero sobre todo conforman entornos insalubres e risco de incendio para os veciños.

-- que o Concello proceda a asumir subsidiariamente a limpeza do solar, sito na rua Roberto Baamonde nº 83, accedendo ao mesmo, a fin de subsanar a situación de insalubridade e o risco de incendio que representa para os edificios.

-- que se requira aos propietarios dos solares que se atopan colmatados de maleza, nas traseiras da rua Santa Clara, nas inmediacións da pasarela do río, dirección Ponte Vella, para que procedan á súa limpeza.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Sobre o de Roberto Baamonde, xa hai algunha actividade administrativa. O outro trasladarase ao Técnico na materia.

2º.- ROGOS E PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REXISTRADOS DE ENTRADA O DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2018. Formúlaos o portavoz de Grupo, D. Emilio José Sánchez Iglesias.

(Auséntanse Dna. Gloria Prada Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

A) ROGO RELATIVO AO EMPRAZAMENTO DO PASO DE PEÓNS Á ALTURA DO REBAIXE DA BEIRARRÚA E Á RETIRADA DUNHAS CAIXAS DE OBRA PROVISIONAIS NA RÚA MANUEL MARÍA.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O paso de peóns que se atopa na rúa Manuel María a carón do bazar oriental, paradóxicamente non coincide co rebaixe que presenta a beirarrúa para facilitar o tránsito de persoas con discapacidade, dificultándolle a estes que crucen a rúa polo lugar axeitado.

Por outra banda, e no mesmo emprazamento, podemos observar que dende hai xa moito tempo, dúas caixas de obra provisionais, suministradoras de enerxía eléctrica, están a ocupar un espazo da beirarrúa, sobresaíndo do poste de madeira que alí se atopa. Isto produce unha gran incomodidade para os peóns, ademais dun perigo se estas caixas se atopan conectadas á rede.

SOLICITUDE:

Que o goberno Municipal:

- Emplace o paso de peóns no lugar axeitado da rúa para facelo coincidir co rebaixe da beirarrúa.
- Inste ó propietario das caixas suministradoras de enerxía eléctrica a que as retire.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Non foron obra deste mandato. Tomamos en consideración o seu rogo: haberá que tratar de corrixir o que di, que non é lóxico.

B) ROGO RELATIVO AO ARRANXO E MANTEMENTO DA MADEIRA QUE COBRE OS ASENTOS E PECHES NO PASEO DO MALECÓN.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vimos de observar que no tramo do paseo do Malecón, que vai dende a ponte medieval até a pasarela do Parque dos Condes, no que no seu día foron instalados uns bancos de obra rematados con táboas de madeira e algún peche de finca feito co mesmo material, as condicións que presentan estes elementos son de abandono total. Isto ademais de ofrecer un aspecto moi pouco estético supón un grave perigo para os usuarios e viandantes.

SOLICITUDE:

Que o goberno Municipal realice un arranxo nestes elementos e que proceda despois ó seu mantemento.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Trasladarémollos ao Departamento de Obras para que proceda a subsanar o deteriorado.

C) ROGO RELATIVO AO ARRANXO DO PAVIMENTO NO PARQUE DOS CONDES Á ALTURA DO EMBARCADOIRO.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vimos de observar que no Parque dos Condes, concretamente na zona do embarcadoiro, o pavimento presenta un grave perigo para os peóns, debido a que as raíces das árbores da beira do río levantaron o empedrado e incluso chegaron a romper algunhas das baldosas de pedra. Sabemos que se tentou arranxar en diversas ocasións, pulindo os desniveis que presentaban os anacos das baldosas, pero tratouse de medidas paliativas que non chegaron a arranxar o problema.

SOLICITUDE:

Que o goberno Municipal se faga cargo da substitución do pavimento nesta zona do Parque dos Condes, para así garantir a seguridade dos viandantes, xa que por riba se trata dunha zoa moi transitada, sobre todo na época na que se poden realizar os paseos en barca polo Cabe.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Todos coñecemos o sitio, o pavimento está levantado por raíces das árbores. Ten razón na suxestión. Como no caso anterior, repararase en canto sexa posible pola Brigada de Obras.

D) ROGO RELATIVO A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA CATIVOS CON DISCAPACIDADE FÍSICA NOS PARQUES DA CIDADE E PREGUNTA SOBRE O ARRANXO DO PARQUE LÓPEZ SUÁREZ.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pleno celebrado o pasado mes de abril, este grupo municipal presentou un rogo sobre o arranxo do parque infantil López Suárez, ó cal se nos contestou que isto se levaría a cabo no momento no se producira o cambio de xestión dos parques públicos. Descoñecemos en que punto se atopa este trámite.

Dita reparación levounos a considerar que sería o momento oportuno para dotar as instalacións dalgún elemento de xogo para cativos con discapacidade física, sirva como exemplo un bambán para cadeira de rodas. Isto cremos que se debería facer extensible aos demais parques da cidade, xa que suporía un bo xeito de integración para os cativos con mobilidade reducida.

PREGUNTA:

En que punto se atopan as xestións para o arranxo do parque infantil López Suárez?

SOLICITUDE:

Que o Goberno Municipal leve a cabo a instalación de elementos de xogo para cativos con discapacidade física nos parques da cidade e máis concretamente aproveitando o seu arranxo, no parque López Suárez.”

Resposta do Sr. Alcalde:

O arranxo do parque está nun proxecto máis amplo para a zona, pero o Concello ten anunciado e comprometido –con algunha nai que se interesou- a licitación dun novo contrato para os parques infantís, incluíndo nos parques grandes material adaptado para casos de nenos con necesidades especiais. Coincidimos co seu rogo.

3º.- PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE REXISTRADAS DE ENTRADA O DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2018. Formúlaas a portavoz de Grupo, Dna. Maribel García Díaz.

A) PREGUNTA SOBRE O PLAN ESPECIAL.

“Exposición de motivos

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía adoptou na sesión común de 10 de xullo de 2017 o seguinte acordo: *Proceder á aprobación do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemas [...] e somete/o a información pública polo prazo de dous meses.*

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 25 de setembro de 2017 acordou o seguinte: Ampliar en dous meses (ata o 4 de decembro de 2017) o período de información pública do PEPCHA de Monforte de Lemas

Tamén a finais de marzo deste 2018, puidemos ler en prensa que o Concello de Monforte podería volver a expoñer o Plan Especial.

Podemos comprobar polo tanto, que levamos xa bastante tempo con Plan Especial en marcha, e non temos agora mesmo noticias de en que punto nos atopamos ...

Polo que preguntamos:

En que momento da evolución do trámite se atopa o Plan Especial?

É previsible que sexa unha realidade a aprobación deste plan neste mandato?”

(Reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

(Auséntase D. Iban Torres Rodríguez).

Resposta do Sr. Alcalde:

Neste momento, estase no proceso de estudo –polo equipo redactor- e resolución de alegacións presentadas por persoas físicas e xurídicas. Esperamos resolvelo no que queda de ano.

Aprobalo no presente mandato dependerá de se ao resolver, se considera que hai ou non modificación substancial, para unha nova exposición pública ou para mandalo xa á Xunta. Despois, a aprobación definitiva é do Pleno.

B) PREGUNTA SOBRE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

“Exposición de motivos

O concello de Monforte de Lemos presenta graves carencias, tanto no saneamento, como na depuración das augas residuais urbanas .

Monforte está vertendo directamente ao río efluentes sen depurar, de forma continua e permanente, por insuficiencia crónica da depuradora de Piñeira.

Augas abaixo da cidade poden observarse como os colectores de ambas marxes do río verten directamente ao río grande cantidades sen depurar.

A Unión Europea alertaba recentemente dos graves problemas de contaminación por augas residuais nos ríos, impondo sancións ao Estado español.

Nos últimos anos téñense feito, por parte deste goberno, importantes gastos en festas e investimentos en obras "resultonas" cosméticas (paseos fluviais, asfaltados masivos de rúas xa asfaltadas ...), mentres a inacción é case completa en obras fundamentais, séguense pagando multas por contaminar o río, e inclúense mesmo nos orzamentos .

Non existe un plan serio, dotado orzamentariamente e con prazos, para poñer solución ao grave problema de contaminación, expoñendo ademais ao noso concello a sufrir novas e graves sancións económicas.

Pregunta

Que ten pensado facer este goberno municipal, e en que prazos, para solucionar o grave problema de depuración e vertidos das augas residuais urbanas? Que pasos leva dados este goberno municipal para a construción dunha nova depuradora en Piñeira que poña solución a estes problemas?

(Durante a resposta do Alcalde, reincorpórase D. Iban Torres Rodríguez e retírase da sesión a Sra. Interventora).

Resposta do Sr. Alcalde:

Quero corrixir algunha cousa que acaba de dicir. Paseo fluvial nós non fixemos ningún. Sinto moito o dos asfaltos, pero imos seguir nesa liña. Sobre a depuradora municipal de Piñeira, cando este Alcalde era deputado un do PP dixo que a Xunta faría unha nova depuradora, da que non se soubo nada, aínda que se debateu neste Pleno, con Severino de Alcalde. Cando Agustín Hernández era Conselleiro da Cotop comprometeuse a un estudo do saneamento a través de Augas de Galicia; fíxose un estudo coa problemática, solucións – construír unha nova depuradora ou reformar e ampliar a existente sobre unha previsión para 400.000 habitantes- e orzamento – máis de dez millóns de euros ou máis de doce ou trece, segundo as opción-. O goberno municipal si ten feito xestións, sen resposta positiva para esas melloras. Díxoseme que estaba todo comprometido, pero cabería investir en saneamento coas baixas, espero que a actual Conselleira cumpra antes de marchar de candidata para A Coruña. O equipo de goberno ten traballado moito nestes tres anos neste asunto do saneamento. A depuradora do Porto Seco non é un tema menor. Tampouco as melloras nas tubaxes das rúas, as melloras no Polígono ou a solución aos vertidos directos ao río. A depuradora voulla prantexar –ante o éxito obtido coa Consellería- á Confederación Hidrográfica.

4º.- ROGOS DAS/DO CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PRESENTADOS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2018. Formúlaos Dna. Pilar López Martínez.

A) ROGO PARA REPARAR O TRAMO DE CAMIÑO DE HORTOS NA PARROQUIA DE SANTA MARIÑA DO MONTE QUE QUEDOU SEN ACONDICIONAR.

“Nos últimos días levouse a cabo a reparación de varios camiños municipais en diferentes parroquias, e en concreto, en Santa Mariña do Monte reparouse o camiño de Hortos, mais deixouse un pequeno tramo que se atopa deteriorado e que conduce a dúas vivendas.

Cónstanos que os veciños xa manifestaron as súas queixas ao sentírense discriminados pola ausencia da devandita reparación, motivo polo que lle rogamos que na próxima licitación de acondicionamento de camiños contemple a reparación deste pequeno tramo, que indicamos no seguinte plano (figura a continuación o plano).”

Resposta do Sr. Alcalde:

En relación co treito de camiño que describe, foi inspeccionado polo redactor do proxecto, polo Concelleiro e por min, e todos consideramos o seu bo estado. A unha persoa que falou co Concelleiro, este díxolle que miráramos o arranxo do camiño. Comprobei que non era como vostede dixo o dun camiño que segundo vostede estaba mal, o camiño da igrexa de Santa Mariña.

B) ROGO PARA REBAIXAR A TAXA POR TRANSMISIÓN DE TITULARIDADE NA ORDENANZA FISCAL DO CEMITERIO.

“Nos últimos tempos estamos a recibir **queixas por parte de veciños herdeiros de titulares de nichos situados no Cemiterio Municipal.** Estes **á hora de querer cambiar a titularidade do nicho** correspondente atópanse con que **teñen que pagar cantidades elevadas.**

Isto é debido en grande parte a que a taxa que se paga por cambio de titularidade por causa de morte por parte dos herdeiros está en función do grao de parentesco co antigo titular e do valor da concesión.

Atendendo a eses dous criterios por un nicho de dous ocos os herdeiros fillos pagarían unha cantidade xa algo elevada 80,39 euros. O problema é cando os herdeiros son de segundo, terceiro ou maior grao de parentesco pois neses casos esa cantidade para a transmisión dun nicho de dúas cabidas de 80,39 no caso de transmisión de pais a fillos multiplicaríase por tres no caso de parentesco de segundo grao do herdeiro, por seis no caso de parentesco de terceiro grao do herdeiro e por nove no caso de parentesco de cuarto grao do herdeiro.

As grandes cantidades que hai que pagar por transmisión no caso de parentescos afastados fan que os herdeiros opten por continuar coa titularidade antiga en lugar de actualizala.

Nós entendemos que a actualización do cemiterio é algo complexo de levar a cabo, mais tamén consideramos que debemos facilitar que, pouco a pouco, se vaian actualizando os titulares das diferentes bocas dos nichos.

En previsión de que nos vindeiros días se comece a traballar para traer ao pleno as ordenanzas fiscais e para evitar que continúen existindo irregularidades na titularidade **PRESENTAMOS O SEGUINTE ROGO:**

Que se rebaixe esta taxa por cambio de titularidade e se poña un valor económico o máis accesible posible co fin de facilitar a actualización dos titulares dos nichos no Cemiterio Municipal e que ese valor non presente tantas diferenzas, como agora, dependendo do grao de parentesco do herdeiro en relación ao titular falecido, pois ao fin e ao cabo, independentemente do grao de parentesco, se así se estableceu na vontade do titular falecido, pode ser igual herdeiro un fillo, un neto, un sobriño...

De feito ante a falta de fillos no caso de moitos maiores son netos, sobriños ou incluso non familiares os que os coidan con cariño os últimos días da vida. Coidamos que por este motivo a diferenza desta taxa de cambio de titularidade de sepulturas no cemiterio en función do parentesco entre titular e herdeiro debe reducirse e ser o menor posible.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Este equipo de goberno non modificou a Ordenanza Fiscal do cemiterio. As taxas son as establecidas en mandatos anteriores, tamén eran grandes no anterior mandato. Tiñamos pensado estudar a fiscalidade do cemiterio cara ao futuro, foi un compromiso cos maiores hai tres anos no Círculo Victoria. Estudáremolo segundo ese compromiso.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as cero horas e corenta e nove minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,